

Aínda que é necesario nomear os segmentos temporais que acollen a vida dunha cidade, e iso fixemos editorialmente ao lle dar este título ao libro, porque Paco Vázquez non é só un nome propio dun alcalde dunha cidade galega, senón que é unha personaxe política en cuxo deseño e funcionalidade interviñeron e interveñen outras tantas maneiras de negar a realidade do noso país e de dar solucións políticas estranas á realidade do noso país.

É unha personaxe que está a ser escrita a súa biografía política como alcalde por moitas máis maos que a propia e persoal, mais o certo é que todas as cidades son dos seus cidadáns afortunadamente, e esta cidade é a que nos mostra o libro en enfrentamento constante á cidade superestructural, e ao entrar no libro moitos de cuxos artigos xa tiñamos lido no semanario A Nosa Terra vai emerxendo lentamente como subtítulo do libro *A cidade que loitou* por seguir sendo parte da historia do noso país.

Así, a Coruña de Paco Vázquez é A Coruña dos cidadáns que a habitan hoxe, e ao mesmo é a cidade que foi construída ao longo dos séculos polos que a habitaron, polos que lle entregaron a flor do seu traballo e que nos deron como herdanza unha cidade que tivo un peso importantísimo na realidade económica e sociocultural do noso país. Unha cidade non é unha urbanización de adosados que se poida modelar ao gusto do constructor ou do alcalde de turno, unha cidade é un corpo vivo que nasce e medra e se renova, que ten unha biografía colectiva e que en calquer caso decisións equivocadas poderán facer perder o seu paso natural na historia mas, máis cedo que tarde, a cidade ocupará o lugar que de seu foi construíndo ao longo dos séculos e, desde logo, a cidade como todo o país ten forzas internas que non se acomodan, que se negan a que a cidade se converta nun anacronismo xeográfico e cultural fóra de Galicia.

E como proba do que digo están os membro da mesa, que en cada un seu sector da sociedade mantiveron ben alto o facho da reivindicación social, cultural, de cidadáns en definitiva.

Que nos acompañan na presentación deste libro de Manuel Monge, nesta librería que o paso dos anos, das décadas, vai sendo de maneira entrañábel parte da nosa biografía persoal e parte da biografía e parte da biografía da cultura na nosa cidade.

Están con nós na mesa Antón Luaces, xornalista de Radio Nacional de España en Galicia, que nos acompaña día a día coa súa voz cálida e nos dá noticia do quefacer da cidade e do noso país, que preside o foro cívico e acompaña ao longo das últimas décadas a reivindicación dunha cidade dos cidadáns

Xosé Lois Martínez é arquitecto e profesor da Escola de Arquitectura de A Coruña. Ten escrito e publicado sobre a arquitectura desta cidade e creo que é unha das autoridades na arquitectura galega e da cidade de A Coruña na súa arquitectura do século XX, que ao fin e ao cabo é o corpo físico da mesma, que mantén a memoria física da cidade

Xurxo Souto creo que é un dos máis claros e referentes da xuventude dunha cidade culta e comprometida con este anaco de humanidade que son que somos os galegos de A Coruña. Coñecímolos moitos de nós pola súa comunión cun bairro fermoso e que acrisola toda a historia de A Coruña como é Montealto, e hoxe é, ademais de pola súa poética de comunicador, escritor con libros como *A tralla e a arroutada contos de A Coruña*, *Fumareo* e *O retorno dos homes mariños*. E como portavoz da plataforma Nunca Máis, confésolles que sempre me sentín orgulloso de Xurxo como embaixador de A Coruña por toda a Galiza, sempre deu a imaxe dunha cidade posta ao día na cultura e no protagonismo das súas capas populares na historia da cidade.

Marcelino Liste foi presidente da Federación de Asociacións de veciños de A Coruña e foi a voz das veciñas e veciños da cidade fronte ao poder municipal, polo que era de facto o referente non partidario das necesidades da cidade e dos cidadáns.

E está con nos Manuel Monge, profesor de Xeografía e Historia no instituto de ensino secundario Manuel Murguía de Arteixo, autor deste libro de intervención que recolle os textos publicados ao longo dos anos no semanario A Nosa Terra, segue aos xa publicados na mesma colección:

*Cartafolio galego* de Ánxel Fole

*Escritos políticos* de Víctor Casas

*Xornalismo irmandiño* de Blanco Torres

*Sindicalistas e rebeldes* de Dionisio Pereira

entre outros, que seguen a tradición dos artigos de don Ramón Otero Pedraio ou de Luís Seoane ou de Rafael Dieste.

Mostrámoslle esta publicación que dá noticia do tempo político que nos tocou vivir e as súas consecuencias urbanísticas, sociais culturais, e dános claves para entender non só a cidade de A Coruña senón unha maneira de facer política, e non só municipal, na Galiza.

Manuel Monge está inserido na vida política de Galiza e da Coruña é non só como testemuña privilexiada senón tamén como actor, como comunicador dos conflitos sociais que vive a cidade e que él dálle a dimensión real que teñen na vida política de toda a Galiza.

Esta colección Prensa e Creación foi creada para lle dar corpo de libro a artigos que a súa calidade superaba o artigo puntual para o momento e devíña nun corpo con calidade e que merecía permanecer. Este é o caso do libro de Manuel Monge, un libro que terán que ler as persoas que queiran entender o por qué de moitas claves do devir nesta cidade nos últimos anos.